



A XESTIÓN DAS EMOCIÓNIS PARA UNHA CONVIVENCIA POSITIVA



cursos escolares 2022/23 e 2023/24

PROXECTO

ÍNDICE

PÁXINA

I. Introducción	1
II. Traballo desenvolvido e formación e innovación nos últimos anos	2
III. Xustificación para curso 2022-2023	4
IV. Participantes	8
V. Experiencias, premios e participación en proxectos institucionais	9
VI. Plan de difusión	10

I. Introducción



O IES Carlos Casares de Viana do Bolo (Ourense) leva máis de vinte anos tendo, como un dos piares pedagóxicos principais, o traballo da convivencia, entendida nun sentido amplo: desde a convivencia interpersoal no centro educativo ate a convivencia nun mundo desigual, aspecto traballado desde a educación para o desenvolvemento.

A experiencia durante este tempo levounos, o curso pasado, a iniciar un novo camiño para traballar a educación emocional. En todos os conflitos que levamos ao servizo de mediación escolar, o compoñente afectivo é a clave para a resolución pacífica. A isto unimos que, na maioría dos problemas habituais do centro entre todos os sectores da comunidade educativa, a mala xestión das emocións está detrás.

Temos claro a responsabilidade da escola neste tipo de aprendizaxes. Fernández e Montero (2016), afirman que *“o traballo no centro educativo pode significar unha reestructuración ou incluso un cambio na estrutura emocional do alumnado”*.

Unha xestión adecuada das emocións é imprescindible para poder promover unha convivencia positiva, na que o conflito é unha oportunidade para aprender, e non un elemento de discordia que arruíne as relacións interpersoais.

A candidatura a participar no programa de formación *“Observa_Acción: Desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais”*, é moi importante para nós. Procuramos analizar erros e acertos, tanto na posta en práctica da educación emocional, coma nas relacións e problemáticas entre o persoal docente. Nambos casos procuramos mellorar a convivencia, o clima de traballo e as competencias profesionais docentes. Para este propósito é fundamental observar e amosar o noso traballo, primeiro a nivel interno, e logo o doutras comunidades educativas en Galicia, España e noutros países, como elemento enriquecedor, activador e que, con seguridade, producirá resultados no desenvolvemento profesional dos profesores e das profesoras e, polo tanto, na educación do alumnado.

II. Traballo desenvolvido en formación e innovación nos últimos anos

Co propósito de ser concisos só indicamos as accións formativas e de innovación dos últimos tres cursos.

Proxectos de formación permanente do profesorado (PFPP)

No curso 2020-21 contamos con dúas liñas PFPP: convivencia e E-dixgal, coa participación de 10 docentes, e co resultado dunha publicación de 10 unidades didácticas en repositorios Abalar. No curso 2021-22 , tamén con dúas liñas: creación plan dixital e educación emocional, coa participación de 6 docentes. No curso actual, continuamos con dúas liñas: implementación e avaliación en tempo real do Plan Dixital de Centro (6 docentes) e educación emocional (14 docentes).

Plan Proxecta

No curso 2020-21 participamos en Quérote + (5 docentes), Por 365 días de respecto e igualdade (3), Aprendo programando (2), Proxectos de vida activa e deportiva (7). No curso 2021-22 participamos en Aprendo programando (4 docentes), Donas de si (2), Proxectos de vida activa e deportiva (8), Quérote + (4) e Clases sen fume (4). No curso actual, participamos en Aprendo programando (3 docentes), Quérote + (4), Proxectos de vida activa e deportiva (5), Por 365 días de respecto e igualdade (6).

Contratos programa

No curso 2020-21 tivemos contrato de Iguála-T (4 docentes), Con-vive (11), Iniciativa ARCO (2f). No curso 2021-22, CP Inclúe: Iguála-T (2 docentes), Convíve-T (2), Emociona-T (5), CP Innova, EDUSaúde (1), PROA e Recupéra-T (1). No curso actual, CP Inclúe: Iguála-T (10 docentes), Convíve-T (10), Emociona-T (10), CP Innova (EduExcelencia (11), EduSaúde (3), PROA + (3).

Educación Responsable (Fundación Botín)

No curso 2021-22 (4 docentes) e no curso actual (14).

EDIXGAL

Estamos no quinto curso de andadura con todo o profesorado da ESO implicado.

Seccións Bilingües

Levamos tres cursos consecutivos con sección de Inglés en Tecnoloxía da ESO.

Acreditación LE de centros públicos (2 docentes)

Clube de Ciencias. Levamos sete cursos consecutivos, coa participación de 9 docentes.

Clube de lectura. Levamos no proxecto desde o inicio.

Plan de Bibliotecas (PLAMBE)

Participamos desde o inicio do programa e na actualidade estamos en proceso de catalogación con 5 docentes e cun programa de voluntariado con 28 estudantes.

Programas do Ministerio de educación e FP e Ministerio de Cultura

No curso 2020-21 participamos en Actividades literarias en institutos- Ministerio de Cultura- (4 docentes). No curso 2021-22 participamos no programa de Inmersión lingüística en inglés en Cuenca- MEFP (2) e en Actividades literarias en institutos (4).

Intercambios

Levamos dous cursos no Programa GALIMIENS con 2 docentes e 10 estudantes, co Collègue Charles de Foucauld de Albert (Francia).

Outras actividades de innovación non enmarcadas nun programa institucional

Organización de xornadas de mediación escolar formación Viana do Castelo (Portugal).

Encontros de centros en convivencia positiva.

Contamos cun auxiliar de conversa de Estados Unidos.


Entroido co CEIP Bibeí, en colaboración coa Asociación cultural Robreda e Asociación Cultural Fulións Rurais (20 docentes, 100 estudantes)

Rede Educativa de Apoio LGBTI de Galicia (1 docente) e Grupo de Apoio LGBTI IES (2 docentes e 15 estudantes).

Actividades da Rede de Mediación Xesús R. Jares en distintos países de Iberoamérica, con actividades presenciais e telemáticas.

Consecución de obxectivos

Temos unha boa consecución dos obxectivos de cada un dos programas, o que nos anima e permite permanecer neles durante anos.



A **implicación do Claustro** é moi alta (en azul). Como exemplo, no curso 2022-23, de 29 docentes, 27 están participando nalgún programa de formación ou innovación.

Avaliación do proceso realizado a nivel de centro

Cada grupo docente realiza unha avaliación final do programa no que participa, que pasa ao Claustro de fin de curso e ao Consello Escolar para a valoración por parte de toda a comunidade. Logo, os resultados máis destacados forman parte da memoria anual.

III. Xustificación para o curso 2022/2023

1. Motivación para participar

Intereses
Optimizar a educación emocional no instituto, como elemento básico do perfil de saída do alumnado, a partir da análise de prácticas exitosas de aula e organizativas noutros centros.
Cooperar en actividades de formación permanente do profesorado no ámbito da educación emocional e da convivencia.
Adaptar o curso de mediadores e mediadoras en conflitos escolares, que o instituto leva desenvolvendo vai anos, a un formato de semipresencialidade, co uso da aula virtual, que permita compartila con outros centros.
Introducir na formación dos mediadores e mediadoras a educación emocional, a partir da observación de boas prácticas.
Obxectivos
Favorecer a mellora da práctica de aula e de xestión no ámbito da educación emocional e para unha convivencia positiva, partindo dunha autoavaliación no propio centro.
Crear unha ferramenta de observación e avaliación da práctica docente e da dirección escolar no ámbito da educación cara un clima de convivencia positivo na comunidade educativa, a partir da nosa experiencia e da observación doutros institutos.
Actualizar o curso de formación de mediadores e mediadoras en conflitos, e colaborar con centros educativos que o demanden.
Participar nunha rede de cooperación e colaboración con centros autonómicos, nacionais e internacionais, para aproveitar as sinerxías, tanto na formación, como na xestión e práctica de aula, na educación emocional e para a convivencia.
Necesidades
Comparar e chegar a conclusións comúns con outros centros sobre situacións frecuentes que tensan as relacións nas comunidades educativas, intentando valorar formas de actuar dos equipos directivos e do persoal docente que atenúen ou agraven as mesmas.
Ter perspectiva de autoanálise, observando a realidade doutros centros, tanto na actividade de aula, nas intervencións do Departamento de Orientación, coma de xestión do equipo directivo, no que respecta ao clima de convivencia.
Reducir situacións na comunidade educativa, moi pouco frecuentes pero existentes, nas que un mal manexo das emocións encauza a resolución dun conflito hacia o enquistamento, afectando negativamente ao clima escolar e profesional.
Adaptar o noso curso de mediación para ser impartido en remoto, sen perder as imprescindibles sesións presenciais, pero limitadas na duración total do curso.

2. Xustificación da elección de polo menos unha das liñas de traballo do plan anual

Hai unha liña de traballo do Plan Anual de Formación do Profesorado para o curso 2022/2023 directamente relacionada coa nosa proposta para Observa_Acción como indicamos na xustificación: a implementación da educación emocional na vida do centro en xeral, e no programa de convivencia en particular, que chagará a profesorado, alumnado, familias, persoal non docente e contexto do instituto.

Competencia en Educación inclusiva e coeducación

- Determinar accións para a mellora da convivencia e benestar emocional.
- Establecer maior fluidez nas relacións coas familias

Secundariamente, tamén relacionamos:

Competencia dixital

- Identificar, empregar e enriquecer espazos virtuais para o traballo en rede.

As **propostas de cambio** relacionadas coas liñas citadas que pretendemos son:

- Afondar na formación permanente do profesorado no ámbito da educación emocional, que leven a elaboración de materiais para levar ás clases.
- Introducir no curso de formación de mediadores e mediadoras que o centro imparte en diferentes lugares, un compoñente formativo para o benestar emocional.
- Contar cunha ferramenta de observación e avaliación da situación emocional e de convivencia do centro.
- Adaptar o curso de formación de mediadores e mediadoras (15 horas) a un formato semipresencial, utilizando a aula virtual e a clase invertida para aspectos máis teóricos, e a presencialidade para a simulación de casos.
- Abordar situacións emocionais concretas que poden afectar á comunidade, para ter un protocolo adecuado á hora de abordar eses casos: falecementos de familiares ou amizades, rupturas de parella, enfermidades longas que fan que o alumno ou alumna pase un periodo amplo no domicilio, situacións familiares complicadas dentro do persoal docente e non docente, etc.
- Organizar actividades (charla, cafés emocionais, debates) que promovan o benestar emocional coas familias.
- Avaliar que tipo de actividades curriculares, complementarias e extraescolares redundan na mellora do benestar emocional e a convivencia.

3. Contexto educativo

Como xa vimos antes, contamos cun Claustro fortemente comprometido coa innovación. O 93% do profesorado está implicado en actividades de formación e innovación no curso actual. Isto é posible porque o alumnado e as familias apoian e agradecen todas as liñas, que procuran a excelencia, entendida dun xeito integral.

Históricamente “ *A Senda da Convivencia*” marcou os procesos de innovación no centro, incluíndo a mediación escolar, a aprendizaxe servizo desde o voluntariado e a educación para o desenvolvemento. As tres liñas son elementos da convivencia. Segue sendo unha liña de mellora, cunha das dúas liñas do PFPP.

A educación dixital, a segunda liña do PFPP, tamén é un punto forte nos últimos anos. A nosa participación en *Oberva_Acción* tamén busca melloras neste ámbito, coa virtualización parcial da formación en mediación.

Deste xeito, o proxecto que presentamos é conherente coas nosas liñas de formación no curso 2022-23.

Por que nos interesa incluír nestas innovacións as observacións que poidamos realizar?

1. A educación emocional é un reto. Resulta difícil levar as aulas aprendizaxes que, incluso os e as docentes e as familias, non teñen recibido. Precisamos moita formación nese ámbito e, sobre todo, poder observar e intercambiar ideas, con centros con maior experiencia. A observación será de interese no ámbito das actividades de aula (con materiais, unidades didácticas e actividades para traballar coas emocións desde todas as materias), nas intervencións do Departamento de Orientación e no liderado da dirección do instituto.

2. A educación emocional resulta ineficaz si non temos unha colaboración directa coas familias. Isto acontece no proceso educativo en xeral, pero neste ámbito aínda máis. Precisamos promover innovacións, a partir de observacións exitosas, que permitan traballar especificamente coas familias.

3. Precisamos compartir con outros centros a análise de como podemos traballar a educación para a convivencia e a mediación escolar, desde a aula virtual, aínda que parcialmente. Temos demandas de cooperación de centros de outras comunidades autónomas e países, e vai ser bo poder iniciar a formación dos mediadores e mediadoras co uso das novas tecnoloxías.

4. Participación en actividades de divulgación no curso 2022-23

Estamos, como ven sendo habitual desde 2006, a total disposición da Rede de Formación do profesorado da Xunta de Galicia ou outras entidades, para participar en calquera tipo de acción en que se dean a coñecer as boas prácticas educativas ou de innovación levadas a cabo no instituto.

Ademais, indicamos unha actividade de divulgación no curso 2022-23 xa realizada:

Dous docentes do IES Carlos Casares que participan na proposta de Oberva_Acción, interviron, un cómo ponente experto (o director do centro) e outro como moderador, nunha mesa redonda sobre a análise dos puntos débiles que a mediación escolar atopa nos centros educativos; no [IV Congreso Internacional de Mediación](#), que tivo lugar na *Fundación Universitaria del Área Andina*, en Bogotá (Colombia). (27, 28 de outubro 2022).



IV Congreso Internacional de Mediación en Colombia. 2022

Outras actividades xa programadas para o curso 2022-23:

Formación dun equipo de mediación en tres institutos da provincia de Albacete, e outra no CPI Cova Terreña de Baiona.

Publicación, xunto a un docente da Universidad Católica de Colombia, dun artigo para revista especializada sobre a figura de Xesús R. Jares.


IV. Participantes

O profesorado que se relaciona participará, en caso de ser seleccionados, no programa de formación “*Observa_Acción: Desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais*”, co proxecto: “ *A xestión emocional para unha convivencia positiva*”.

EQUIPO DIRECTIVO			
Nome e apelidos	Cargo	Especialidade	Materias impartidas
Carlos Ferreiro González	Director	Lingua Castelá e Literatura	Lingua e Literatura castelá BAC Literatura universal BAC
Ovidio Villar Marcos	Vicedirector	Matemáticas	Matemáticas BAC
Elena Gómez Gago	Xefa de Estudos	Xeografía e Historia	Historia BAC Xeografía BAC
Montserrat Ulloa Guitián	Secretaria	Bioloxía e Xeoloxía	FP Básica II. Ciencias Aplicadas Ciencias Aplicadas ESO

DOCENTES		
Nome e apelidos	Especialidade	Materias impartidas
Sandra Carracedo Cortinas	Orientación educativa	Orientación
Lucia Diéguez Luis	Pedagogía terapeutica	Apoio educativo
Luis Fernández López	Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía BAC Ciencias da Terra e Medioambientais BAC Cultura Científica ESO FP Básica I. Ciencias Aplicadas
Elisabet Nieves Diéguez	Francés	Francés

PROFESORADO NO CLAUSTRO	PROFESORADO NO PROXECTO
29	8
100%	27,59%



En cor laranxa observamos a porcentaxe do Claustro que participaría en *Observa_Acción*. Para ter un maior impacto contamos con profesorado de ESO, Bacharelato e Formación Profesional, así como dúas docentes do Departamento de Orientación que, co equipo directivo, facilitarán que as accións chegen ás familias e a sociedade dos concellos de Viana do Bolo, Vilariño de Conso, A Veiga, A Gudiña e A Mezquita.

V. Experiencias, premios e participación en proxectos institucionais

Premios ao IES Carlos Casares (os máis destacados)

Placa universal pola Paz e a non violencia- *Fundación internacional Mundo sin Guerra y sin Violencia*, 2018

Segundo Premio nacional de boas prácticas de convivencia. MEFP, 2006

Segundo Premio nacional de boas prácticas de bibliotecas escolares. MEFP, 2008.

I Premio Nacional de Educación para o desenvolvemento Vicente Ferrer. MEFP e MAEC, 2009.

Premio Extratexia NAOS. Ministerio de Sanidade. 2011.

Premio de innovación educativa. Consellería de Educación. Xunta de Galicia. 2005.

Primeiro premio de educación para o consumidor. Instituto Galego de Consumo. (2003, 2004, 2005, 2006, 2007, 2008, 2009, 2010).

Premio autonómico "Clases sen fumo" Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia (2005).

[Enlace a máis premios e recoñecementos](#)

O IES Carlos Casares de Viana do Bolo leva, ininterrompidamente, desde o ano 2006 participando en actividades de formación na Rede de Formación do profesorado da Xunta de Galicia, a través de cursos, grupos de traballo, seminarios permanentes e PFPP de distintos centros, así como en encontros organizados pola Consellería de Educación dirixidos á formación docente e, nalgún caso, á inspección educativa. Son 16 anos espallando a educación para a convivencia e para o desenvolvemento que foron, e seguen sendo, unha experiencia enriquecedora na nosa comunidade educativa.

O IES Carlos Casares, xunto ao *CCEE Reyes Católicos* de Bogotá (centros de titularidade do Estado español no exterior), ORSALC- UNESCO, *Universidad del Área Andina* e *Universidad Católica de Colombia*, teñen creado, en 2016, a *Rede de Mediación Escolar Xesús R. Jares*, para difundir a resolución pacífica de conflitos no ámbito educativo iberoamericano.

Así mesmo téñense formado equipos de mediación (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente) en centros educativos de primaria, secundaria e universitarios, nas catro provincias galegas, en Castilla- León, Castilla La Mancha, Asturias, Colombia, Ecuador, Bolivia, Costa Rica e México.

Como indicamos anteriormente participamos na maioría de programas de formación e innovación da Xunta de Galicia e dalgunhas do MEFP.

VI. Plan de divulgación

Como ven sendo habitual no noso traballo desde vai dúas décadas, a cooperación e colaboración con outros centros, é parte do que buscamos. Non é cuestión de mellorar a calidade da educación nun centro concreto, que tamén, senón sentirnos partes dun piar básico do desenvolvemento das sociedades, que non entende nin de institutos concretos, nin tan sequera de comunidades autónomas ou países, xa que tratamos cun dereito humano fundamental. Polo tanto, o intercambio de boas prácticas desde a observación e a acción, desde nós cara fóra e de fóra cara nós, é un elemento favorecedor do desenvolvemento profesional e a calidade educativa.

O plan de divulgación está deseñado a niveis diferentes:

Plan de difusión	
Comunidade educativa	As reunións de familias, o Claustro e as titorías serán a canle para comunicar e informar do seguemento das accións de Observa_Acción. WEB do instituto Redes: Revista O Choupín, Facebook, Instagram
Nivel autonómico	Redes Xornais: <i>La Voz de Galicia, La Región, O Sil</i> , etc Encontros de mediación
Nivel nacional	Redes Revistas especializadas (GRAO, por exemplo) A través da Rede de mediación Xesús R. Jares
Internacional	A través da Rede de mediación Xesús R. Jares A través de centros cos que colaboramos en Bolivia

Temporalización

Fárase a difusión ao inicio de cada unha das fases e coincidindo con cada un dos intercambios docentes.

Responsable

Un membro do equipo Observa_Acción, en coordinación con director do centro, será o encargado de comunicación.

En todas as accións de divulgación indicárase que forman parte do Programa Observa_Acción, na que participa a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.